

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 7 DE XULLO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**260/08.- Manuel García Rial.-** Viv. unif. en Rúa Rapada, Rocha Vella.-

**2354/06.- José Manuel Castelao Figueiras.-** Derruba edificación en San Lázaro núm.26.-

**2355/06.- José Manuel Castelao Figueiras.-** Construcción viv. unif. en R/ San Lázaro núm.26.-

**1367/05.- Jesús Santiago Calvelo Vidal.-** Modificación de licenza de construción de viv. unifamiliar en Lamas de Abade.-

**2642/07.- Juan Jesús Doce Otero.-** Reconstrucción e ampliación en altura dunha vivenda unifamiliar sita en Sanxuas núm.10, Aríns.-

**2171/07.- Juan Carbajo Rodríguez.-** Viv. unif. en Figueiras.-

**668/07.- José Antonio Boquete García.-** Reforma e ampliación de viv. unif. en Carballal num.60, Vilestro.-

**2356/06.- Anastasio Salvador Martín Lalanda.-** Derruba edificación existe en San Lázaro núm.26.-

**2357/06.- Anastasio Salvador Martín Lalanda.-** Construcción viv. unif. en San Lázaro núm.26.-

**122/08.- Ana Mª Vilariño Pérez.-** Viv. unif. en Aldea de Abaixo núm.9.-

**936/08.- Gonzalo Pichel Jallas.-** Legalización de cubrición de porche e cambio de balaustrada de escaleira en Rúa Cima da Eira núm.26.-

**191/08.- José Boquete Souto.-** Legalización do incremento de altura na viv. unifamiliar realizada e A Barcía, Sigüeiro.-

#### DESFAVORABLES.-

**536/07.- Kasas Mrs 2.007, S.L.-** Modificación de aliñación de edificio con licenza sito na Rúa Paxonal núm.79 e Rúa da Estrada.

**2678/07.- Manuel Cabo Goris.-** Legalización de viv. unif. executada en Balsoma núm.2.-

#### PARCELACIÓN.-

**72/08.- José Antonio Fernández Sande.-** Parcela 659 da zona de concentración parcelaria de Berdía, no Lugar de Riveira (+).-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

**1137/08.- Montelnor.-** .....Expte...1775/07.....1.000 €.-

#### APERTURAS.-

**Lap/117/07.- Mª Jesús Rodríguez Baña.-** Carnicería-charcutería na Rúa Tambre núm.45.-

### OCIHR

#### LICENZAS

#### FAVORABLES

**LIC/1824/2007.- REAL COFRADÍA NTRA SRA ROSARIO.-** Reposición de tellas rotas e lavado e pintado de parede no corpo lateral da capela do rosario en rúa bonaval 9.

**LIC/683/2007.- MANUEL IGNACIO SEGADE BEIS.-** Construcción dunha vivend unifamiliar na rúa das Trompas, nº 4 A

**LIC/82/2005.- HOSPITAL NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA SL.-** Reforma e ampliación do hospital Nosa Señora da Esperanza na Avda. Burgas nº 2

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**  
Concédese unha axuda por valor de 120 euros.

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axuda para vivenda.**

Apróbbase definitivamente unha axuda para a rehabilitación dunha vivenda por valor 11.843 euros na rúa Pelamios.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axudas para elementos especiais de madeira.**

Apróbanse definitivamente dúas axudas para elementos especiais de madeira en dúas vivendas (Corredoira das Fraguas e Algalia de Arriba) por importe de 3.415 euros e 2.912 euros, respectivamente.

**8 a 27.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valos dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre actividades económicas, no imposto do lixo e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concéndense os devanditos beneficios.

**28.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á estimación parcial de recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local relativo a bonificación no Imposto sobre bens inmobles.**

Concédense a bonificación solicitada.

**29.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concéndense as devanditas exencións.

**30.- Propostas dos concelleiros delegados de Educación, Facenda e Orzamentos, Festas e Benestar Social, relativas a elevación a definitiva da adxudicación de Servizo de montaxe, instalación de infraestructuras e desenvolvemento do programa FERRADURA ABERTA 2008.**

Elévase a definitiva a adxudicación do servizo a Carmen García Vicente por importe de 50.999.

**31.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de sinais para a reposición das existentes e novas instalacións.**

Apróbbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 56.373 euros.

**32.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á adxudicación do servizo de desenvolvemento do proxecto socio-educativo da UMAD 2008.**

Adxudícase a realización do proxecto socio-educativo incluído no programa de "Diminución do dano", por importe de 11.990 euros, á empresa INICIA@2008, SC. O programa desenvolverase de xullo a decembro.

**33.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá relativa á prórroga do contrato de Mantemento, conservación e reparación das instalacións semafóricas de regulación do tráfico centralizado.**

Prórrogase por quinta e última vez o contrato suscrito coa UTE SAINCO TRAFICO SA-DAVIÑA SL, durante un ano a contar desde o 1 de agosto.

**34.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de substitución do pavimento deportivo de madeira no Pavillón Polideportivo de Santa Isabel.**

Apróbase o proxecto redactado polo arquitecto municipal e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 200.315 euros

**35.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto de Rehabilitación do Barrio de PONTE ASÉN-RÚA FONTE DO OURO**

Apróbase o proxecto redactado por ARQUITAV ARQUITECTOS, SL, e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 225.687 euros e un prazo de execución de 3 meses.

**36.- Liquidación das Festas da Ascensión 2008.**

Apróbase a liquidación co seguinte resultado:

- gastos aprobados: 195.468 euros
- gastos realizados: 183.037,56 euros
- superávit: 12.430,44 euros.

**37.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa a traspaso de cantidades dunha partida orzamentaria.**

Acórdase o traspaso de 8.000 euros de axudas desde o concepto vivenda a comedor escolar (6.000) e manutención (2.000 euros).

**38.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa a reserva de crédito para actividades do programa de diminución de dano.**

Apróbase unha retención de crédito de 2.874 euros para o programa de "Diminución do dano".

**39.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á presentación de alegacións perante a Dirección Xeral de Transportes en relación coa solicitude dunha empresa de regulación concesional.**

Acórdase presentar alegacións e informar desfavorablemente do solicitado pola empresa Donado Campos, SL.

**40.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á presentación de alegacións perante a Dirección Xeral de Transportes en relación coa solicitude dunha empresa de modificación concesional.**

Acórdase presentar alegacións e informar desfavorablemente do solicitado pola empresa Autos Grabanxa, SL.

**41.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación das normas de uso e procedemento para o acceso ao sistema de préstamo de bicicletas na cidade.**

Apróbase as normas de uso e procedemento para o acceso ao sistema de préstamo de bicicletas na cidade.

**43.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da Modificación do Estudo de detalle do polígono 4 do Plan parcial de Fontiñas.**

Apróbase inicialmente a modificación do estudo de detalle do polígono 4 segundo o proxecto presentado pola Xunta de Compensación o 23 de xuño de 2008.

**44.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á modificación do acordo de aprobación inicial referente á Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na unidade edificatoria 111103. Rúa do Preguntoiro, número 23.**

Apróbase a modificación do acordo nos seguintes puntos:

- os diversos usos autorizables que resultan da modificación proposta (sociocultural, institucional, administrativo, asistencial, docente e comercial), admitiranse con carácter exclusivo, isto é, a edificación deberá destinarse a só un dos usos admitidos.

- modifícase a ficha de catalogación do vixente Plan especial, non senso de eliminar a protección, non só do sistema estrutural vertical e dos muros internos, senón tamén a do último tramo da escaleira, de maneira que a catalogación da escaleira queda limitada aos tramos de planta baixa, primeira e segunda.

**45.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do contrato de ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS SA, sobre o pago do prezo da participación do Concello na parcela R-7 do proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes**

Acórdase desestimar a solicitude de nova ampliación de prazo do pago da participación municipal (19,88%) na parcela R-7 do proxecto de compensación do Polígono 2 do Sup-2 de Cornes e proceder a practicar requerimento notarial, apercibindo no mesmo á empresa para que no prazo de 20 días proceda ao pago total do prezo 1.194.589 euros.

**46.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude e Festas relativa á autorización para a realización de horas extraordinarias.**

Autorízase a realización de horas extraordinarias por mor da preparación das Festas do Apóstolo.

**47.- Dar conta de resolución da Secretaría Xeral de Emigración relativa á concesión de subvención ao Concello para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante.**

Dáse conta da subvención por un importe de 13.000 euros para programas de Educación; 13.159 euros para programas de Servizos Sociais e 4.500 para Muller.

**48.- Dar conta da resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade relativa á concesión ao Concello de subvención para o fomento e realización de actividades de voluntariado.**

Dáse conta da subvención de 4.333 euros para a realización de actividades de voluntariado.

**49.- Dar conta da resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible relativa á concesión ao Concello dunha subvención.**

Concédesese unha subvención de 5.250 euros para a realización dunha Feira para a Sustentabilidade.

**URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á modificación do orzamento das festas do Apóstolo 2008.**

Axustáanse as partidas.

**2.- Aprobación do orzamento do servizo de desenvolvemento do Campamento de educación medioambiental en galego com actividades lingüísticas ANIMA-L-INGUA.**

Orzamento aprobado: 11.943 euros.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación da modificación do Convenio de Cooperación Urbanística para a execución das obras de Urbanización de terreos municipais para Zona Deportiva en San Lázaro (fase I).**

Apróbbase a 6ª addenda do convenio coa Consellería de Economía na que se recolle o prazo de xustificación de pagos: 31 de decembro de 2009.

**4.- Provisión dun/ha animador/a sociocultural para o CSC do Ensanche.**

**5.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvencións á Consellería de Educación para o cofinanciamento do programa de apertura de Centros Educativos Públicos fora do horario escolar. Ano 2008.**

Importe solicitado: 77.385 euros.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento de representantes municipais nos Consellos Escolares de Centro.**

- Carlos Nieves: representante no CEIP López Ferreiro e na escola rural de Feáns-Villestro

- Olga Pedreira: representante no CEIP de Roxos-Villestro.

**7.- Aprobación do proxecto, prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente para a contratación do subministro e instalación e equipamento para a área de xogos do Parque da Alameda.**

Apróbbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación da subministración e instalación do equipamento para a área de xogos do Parque da Alameda por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 104.187 euros.

**8.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do Servizo de Redacción do proxecto constructivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á Cidade de Santiago (Avda. Castela) por procedemento aberto e un tipo de licitación de 186.654 euros.**

**9.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do Servizo de Redacción do proxecto constructivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á Cidade de**

**Santiago (Fonte dos Concheiros-rúa das Fontiñas-rúa do Valiño)** por procedemento aberto e un tipo de licitación de 130.338 euros.

10.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do Servizo de Redacción do proxecto constructivo da **obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á Cidade (Rúa Galeras-Rúa das Salvadas-Rúa Vista Alegre ata o cruce con Avda. Castelao)** por procedemento aberto e un tipo de licitación de 144.375 euros.

11.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do Servizo de Redacción do proxecto constructivo da **obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á Cidade (Vista Alegre desde Avda. Castelao-Avio-Torreira ata a Ponte do Romáño)** por procedemento aberto e un tipo de licitación de 83.147 euros.

12.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do Servizo de Redacción do proxecto constructivo da **obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á Cidade (Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro)** por procedemento aberto e un tipo de licitación de 119.150 euros.

13.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente para a contratación das **obras de execución dun Pavillón Polideportivo en Fontiñas** por procedemento aberto e un tipo de licitación de 2.450.000 euros.